

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 6 de agosto de 2015

ASISTENTES:

Membros :

Excmo. Sr. Alcalde
D. David Regades Fernández
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas e dez minutos do día seis de agosto de dous mil quince e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(909).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(910).- OUTORGAMENTO DUN PRAZO DE TRES MESES AO ADXUDICATARIO PARA CUMPRIR AS CONDICIÓNS ESIXIDAS NO PUNTO 2 DO ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL DE DATA 26.06.15. EXPTE. 636/449.

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Contratación, do 6.08.15, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

–Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSF).

–Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño, texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (LCAP).

–Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).

–Directiva 2004/18/CE, de 31 de marzo de 2004, sobre coordinación dos procedementos de adxudicación dos contratos públicos de obras, de subministro e de servizos (Directiva 2004/18/CE).

–Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

–Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común

–Real Decreto - Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

–Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (RS).

–Lei 22/2003, de 9 de xullo, Concursal.

–Prego de cláusulas técnicas e administrativas do concurso para a xestión mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da cidade aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Vigo de data 14 de agosto de 2006 (PCAP).

–Prego de prescricións técnicas que rexerá no concurso para a adxudicación por procedemento aberto dun contrato de xestión de servizos públicos con execución de obra para a construción e posterior explotación, en dous lotes de tres, de seis aparcadoiros mixtos (rotatorio e residentes) en diferentes lugares da cidade de Vigo (PPT).

ANTECEDENTES

D. Constantino Seara Seara, en nome e representación de PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A., durante o prazo de trámite de audiencia concedido a súa representada na tramitación do procedemento de modificación do contrato para a xestión mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da cidade presenta sendos escritos con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de data 6 de agosto de 2015. No primeiro pon de manifesto o compromiso da súa representada de cumprir os requirimentos esixidos no punto 2 do acordo da Xunta de Goberno Local de 26 de xuño de 2015. No segundo, solicita unha ampliación do prazo para dar cumprimento a estes requisitos contidos no acordo. Xustifica a ampliación do prazo no feito de que COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A.U., está en concurso e que, se ben, conserva as facultades de administración e disposición do seu patrimonio, o seu exercicio está sometido a intervención do administrador concursal, sendo o mes de agosto inhábil a efectos do proceso concursal.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A., resultou adxudicataria da concesión de servizo público para a construción e explotación de aparcadoiros subterráneos de uso mixto nas rúas Rosalía de Castro, Jenaro de la Fuente e Avenida Castela, por acordo da Xunta de Goberno Local de data 21 de maio de 2007. Para a xestión desta concesión constituíu unha sociedade instrumental unipersonal, COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A.

Segundo.- O xulgado do mercantil número 2 de A Coruña, en auto de data 23 de xaneiro de 2015, declarou en concurso voluntario de acredores á mercantil COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES S.A.,

Terceiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 26 de xuño de 2015, adoptou o seguinte acordo:

“1º.- Iniciar procedemento para a modificación do contrato para a xestión mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da cidade. As modificacións consistirán en:

- Excluir do seu obxecto a construción e explotación dun aparcadoiro de uso mixto na Rúa Rosalía de Castro.
- Configurar o aparcadoiro da rúa Rosalía de Castro denominado “de residentes” anexo ó aparcadoiro citado no punto anterior, como un aparcadoiro independente de uso mixto.
- Suspende a execución das obras de Rosalía II durante un prazo máximo de 10 anos, que se computará dende o día seguinte ó da formalización da presente modificación. Durante este prazo, se se alterasen as condicións de demanda actuais, e esta se incrementase ata un nivel que fíxese rendible a explotación do aparcadoiro, a concesionaria podería solicitar a reanudación das obras, previa xustificación deste extremo, así como de que a construción do mesmo non xerará o desequilibrio económico da concesión no PEF vixente nese momento. Transcorrido este prazo, se o concesionario non acreditou este cambio de circunstancias, se entende que renuncia á construción do aparcadoiro, pasando a ser de titularidade municipal a estrutura xa construída.

2º.- Con carácter previo a continuación coa tramitación da presente modificación é imprescindible que, durante o prazo do trámite de audiencia da presente proposta, PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A., cumpra os seguintes requisitos:

1. Levar ó contrato a unha situación de cumprimento, con relación os seus compromisos de financiamento de conformidade co contido da súa oferta “sobre 2 tomo 0 ; 3.2 Detalle de las fuentes de financiación”, consonte requiríuselle no acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en data 17 de abril de 2015.
2. Incrementar o capital social de COCHERAS OLÍVICAS ata a cifra prevista no artigo 5 dos seus Estatutos Sociais, o 10% do custo do investimento directo na concesión.
3. Achegar a contía de 1.675.000 euros para solventar a situación de falta de liquidez de tesourería de COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A, que posibilite a viabilidade financeira da concesión.
4. Renunciar ao lucro cesante que deixará de percibir como consecuencia da modificación do contrato, por mor da non construción do aparcadoiro de Rosalía de Castro I, que se cifra, segundo o exposto no fundamento xurídico VI, en 1.722.000 euros.

(...)

6º.- Evacuar trámite de audiencia do presente acordo á Concesionaria, por prazo de un mes para que formule as alegacións que o seu dereito conveñan.”

Cuarto.- O artigo 49.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común permite á Administración,

salvo precepto en contrario, conceder de oficio ou a petición dos interesados, unha ampliación dos prazos establecidos, que non exceda da metade dos mesmos, se as circunstancias o aconsellan e non se prexudican dereitos de terceiro, e sempre e cando, tanto a petición dos interesados como a decisión sobre a ampliación, se produzan antes do vencemento do prazo de que se trate, pois non resulta posíbel a ampliación de prazos vencidos (artigo 49.3 LRJAP).

Inicialmente se lle concedeu a PUENTES un prazo de 1 mes para o cumprimento destes requisitos, que remata no día de hoxe. No entanto, neste prazo non foi posible dar cumprimento os mesmos. Esta circunstancia se debe a que concorre a circunstancia de que a sociedade instrumental que xestiona a concesión esta en concurso. E aínda que conserva as facultades de administración e disposición do seu patrimonio, o seu exercicio está sometido a intervención do administrador concursal.

Consonte o precepto transcrito a ampliación de prazo solicitada non pode superar os 15 días. No entanto, tendo en conta que o mes de agosto é inhábil a efectos do proceso concursal, e a complexidade do procedemento concursal no que está inmerso COCHERAS, procede conceder ó adxudicatario, no unha ampliación do prazo inicial, senón un novo prazo de 3 meses para dar cumprimento os requirimentos do acordo da Xunta de Goberno Local de data 26 de xuño, o cal comezará a computarse a partir do día 1 de setembro, por mor de ser inhábil a efectos xudiciais o mes de agosto.

Quinto.- A competencia para acordar a concesión dun novo prazo correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Conceder un prazo de tres meses a PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A., para que cumpra os requisitos esixidos no punto 2º do acordo da Xunta de Goberno Local de data 26 de xuño de 2015.

2º.- O cómputo deste prazo iniciarase o día 1 de setembro por ser o mes de agosto inhábil a efectos xudiciais”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(911).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS NO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN DE TRABALLOS TÉCNICOS DERIVADOS DA PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES NO AUDITORIO MUNICIPAL. EXPTE. 6016/335.

Dáse conta do proposta asinada pola xefa do Servizo de Contratación, con data 5.08.15, que di o seguinte:

A mesa de contratación celebrada o día 05 de agosto de 2015, acordou:

5.- Clasificación

- a) *Procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión de traballos técnicos derivados da programación de actividades no auditorio municipal (expediente 6016-335).*

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2º TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir da presente licitación a mercantil SERVICIOS SECURITAS, S.A., por considerar que a súa oferta contén valores anormais ou desproporcionados.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión de traballos técnicos derivados da programación de actividades no auditorio municipal (expediente 6016-335)” no seguinte orde decrecente:

- | | |
|--|----------------------|
| <i>1.- Producción e Xestión Cultural, S.L.</i> | <i>97,25 puntos.</i> |
| <i>2.- Eulen, S.A.</i> | <i>67,14 puntos.</i> |

Terceiro.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, Producción e Xestión Cultural, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- Póliza do seguro de responsabilidade civil de acordo co esixido no apartado 14 a) da FEC.*
- Resgado da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Cuarto.- Requirit ao citado licitador o aboamento de 637,16 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

4(912).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E REPOSICIÓN DE ZONAS VERDES DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 7614/446.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 6.08.15, dáse conta do informe-proposta do 06.06.15, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 6 de agosto de 2015, as 11.00 horas realizou entre outras, as seguintes actuacións:

- 2.- Proposta de Adxudicación.*

- a) *Procedemento aberto para a contratación dos servizos de conservación e reposición de zonas verdes do concello de Vigo (expediente 7614-446)*

LEXISLACIÓN APLICABLE

- *Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*
- *Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.*
- *Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto do servizo de conservación e reposición de zonas verdes do concello de Vigo (PCAP).*

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión do día 31 de xullo de 2015, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Tomar razón do acordo da Mesa de Contratación, adoptado na sesión de data 31 de xullo de 2015, de “Excluir a CESPACOMPAÑIA ESPAÑOLA DE SERVICIOS PUBLICOS AUXILIARES, S.A, do procedemento aberto para a contratación dos servizos de conservación e reposición de zonas verdes do concello de Vigo (expediente 7614-446), porque a súa oferta económica contende valores contraditorios entre o prezo do contrato expresado en euros e o porcentaxe de rebaixa que este prezo representa sobre o prezo de licitación do contrato, non presentando aclaración ó respecto durante o prazo concedido ó efecto e indicando na xustificación dos valores anormais da súa oferta un importe anual do contrato distinto ó indicado na súa oferta económica”

Segundo.- Excluir da presente licitación a mercantil VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A., por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, e non xustificar ós mesmos, por canto existe unha discrepancia no presuposto desglosado do servizo axuntado no sobre B e o cadro resumen achegado na documentación xustificativa da baixa xa que non coinciden as porcentaxes económicas destinadas a persoal, maquinaria e vehículos, materiais funxibles; ademais a financiación e amortización a que fai referencia o cadro do presuposto desglosado non existe no cadro resumen económico da xustificación”.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “procedemento aberto para a contratación dos servizos de conservación e reposición de zonas verdes do concello de Vigo (expediente 7614-446)” no seguinte orde decrecente:

	LICITADORES	Puntos
1.	ALTHENIA,S.L.	96,09
2.	UTE CONSTRUCTORA SAN JOSE- EL EJIDILLO	95,42
3.	API MOVILIDAD	93,93

4.	UTE INGESAN-OHL.	92,25
5.	ORTO PARQUES Y JARDINES S.L.	90,56
6.	UTE MACRAUT INGENIEROS S.L – SOGESEL DESARROLLO Y GESTIÓN S.L.-ARCEBANSÁ S.A.	85,21
7.	ABSA.	79,65
8.	ELSAMEX,S.A	61,51
9.	TALHER,S.A.	60,32
10.	GESECO, S.A.	48,37
11.	EULEN,S.A.	40,13
12.	GRUPO RAGA, S.A	33,51

Cuarto.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ALTHENIA, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- *Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- *A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Póliza do seguro de responsabilidade civil por importe mínimo de 3.000.000 €.*
- *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Quinto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 623,24 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar o día 31 de xullo de 2015, que presenta a documentación requirida en data 6 de agosto de 2015, dentro do prazo sinalado.

Terceiro.- Revisada a documentación presentada na sesión da Mesa de contratación de data 6 de agosto de 2015, e dado que esta é correcta, a Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda propoñer ó órgano de contratación a adxudicación do presente procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ALTHENIA, S.L, á vista dos informes do xefe do servizo de Montes, Parques e Xardíns de 15, 21 e 30 de xullo de 2015. Estes informes poderán consultarse no perfil do contratante do Concello de Vigo.

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar á ALTHENIA, S.L., o procedemento aberto para a contratación dos servizos de conservación e reposición de zonas verdes do concello de Vigo (expediente 7614-446), por un prezo de 17.894.105,96 €, IVE engadido.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(913).- PREGO DE CONDICIÓN ADMINISTRATIVAS PARA A CONCESIÓN DO LOCAL MUNICIPAL SITO NO Nº 34 DA RÚA PALENCIA E OUTORGAMENTO Á FUNDACIÓN IGUAL ARTE. EXPTE. 19755/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Patrimonio, do 4.08.15, conformado polo concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- L 7 /1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Reximen Local (LRBRL).*
- L 33/2003 de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas (LPAAPP).*
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia*
- RDL 3/2011 de 14 novembro, do Texto Refundido da Lei de contratos do Sector Público. (TRLCSP)*
- RD 1372/1986 de 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais. (RBEL).*

ANTECEDENTES DE FEITO:

PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno Local en sesión de 14 de maio de 2015, acordou aprobar inicialmente o Prego de cláusulas administrativas que rexerá a concesión administrativa do uso privativo do local municipal do núm. 34 da rúa Palencia, consonte ó texto que figura no anexo I, e someter á información pública polo prazo de trinta días o prego de cláusulas administrativas aprobados.

SEGUNDO.- No periodo de información pública, mediante edicto publicado no BOP nº 106 en data 5/06/2015 polo prazo e procedemento regulamentario, ó que se someteu o prego de condicións administrativas aprobado, non foron formuladas alegacións o mesmo, segundo resulta da certificación da Secretaria de Goberno Local de data 16/07/2015.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- A ocupación do dominio público municipal suxetase o réxime xurídico previsto no ordeamento xurídico para o outorgamento das concesións administrativas de dominio e en concreto a regulación que das mesmas se contén no capítulo 1º do título II da Ley 33/2003 de 3 de novembro de Patrimonio das Administracións Públicas e no capítulo IV do Título I do Real Decreto 1372/86 do Regulamento dos Bens das Entidades Locais.

SEGUNDO.- O procedemento e forma da adxudicación a seguir para o outorgamento da concesión administrativa, como título habilitante é, no presente caso, a concesión directa, proposto pola Xefa de área da Tenencia de Alcaldía no seu informe de data 24 de abril do 2015 e na cláusula I Obxeto. Apartado 2 do Prego de Condicións Administrativas redactado pola mesma (aprobado pola Xunta de Goberno local o 14/05/2015) o sinalar que “ De conformidade co disposto no art. 93.1 da Lei 33/2003 do Patrimonio das Administracions Públicas, e o 133.4 do RD 1372/86 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, a concesión administrativa outorgarase mediante adxudicación directa a favor da Fundación Igual Arte.”

TERCEIRO.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda paragrafo 3º do TR da Lei de Contratos do Sector Público.

A vista do acordado, sométese á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobar definitivamente o prego de condicións administrativas que rexerá a concesión administrativa do uso privativo do local municipal do núm. 34 da rúa Palencia, consonte ó texto que figura no anexo I do acordo da Xunta de Goberno local de data 14/05/2015.

2º.- Outorgar á Fundación Igual Arte a concesión administrativa do uso privativo do local municipal do núm. 34 da rúa Palencia, dacordo co anterior prego aprobado.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(914).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 15.287,79 € A FAVOR DA COMERCIAL TAELO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RADIOCOMUNICACIÓNS PARA A POLICÍA LOCAL E SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS- MARZO E ABRIL 2015. EXPTE. 44197/212.

Visto o informe de fiscalización do 1.06.15, dáse conta do informe-proposta do 4.06.15, asinado polo xefe de Área de Seguridade e Mobilidade, o intendente-xefe da Policía Local e o concelleiro delegado de Seguridade, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.-A mercantil TAELO S. COOP., con C.I.F. F-36.049.543 presenta a través da plataforma FACE a factura de data 06/05/2015, nº. TR80044/15 (expte. 44196/212) por importe de 15.287,79 €, IVE incluído, polo concepto de "infraestrutura e mantemento da rede trunking de comunicacións, correspondente aos meses de marzo e abril de 2015".

2.-Seguidamente, o Concelleiro-delegado ordena incoar "expediente de recoñecemento dunha indemnización substitutiva a favor da mercantil TAELO, S. COOP., con C.I.F. F-36.049.543 pola prestación do servizo de radiocomunicacións para os Corpos de Policía Local e Prevención e Extinción de Incendios, correspondente aos meses de marzo e abril de 2015, por importe de 15.287,79 €, IVE engadido, segundo factura Nº. TR80044/15".

3.-A proposta ven precedida de memoria explicativa das circunstancias que xustifican a incoación do expediente, segundo o disposto na Instrucción Nº. 1/00 da Intervención Xeral sobre expedientes de recoñecemento extraxudicial de créditos e indemnización substitutiva, e na propia Base 28 e concordantes das de execución do orzamento vixente.

4.- Trasladado o expediente a Intervención Xeral para o preceptivo informe, éste foi evacuado o 1 de xuño de 2015.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A factura trae causa dunha prestación de servizos levada a cabo pola mercantil unha vez rematada a prórroga do contrato que vinculaba as prestacións de ambas partes e, en tanto en canto, o Concello a través do negocio xurídico pertinente non se acolle á prestación pública do servizo pola Xunta de Galicia, previsto en principio, para finais do 2014 ou principios do 2015 e que, finalmente, vai retrasar o comezo operativo ata principios do segundo semestre do ano en curso.

Segundo se afirma na memoria, a rede de radiocomunicacións móbiles baseada na tecnoloxía estándar TETRA, promovida pola Xunta de Galicia en cumprimento do mandato contido na disposición adicional segunda da Lei 3/2013, de 20 de maio, de impulso e ordenación das infraestructuras de telecomunicacións de Galicia, ofrecerá servizos de comunicación de voz e datos aos organismos da Xunta relacionados coa seguridade e emerxencias e, a mesma, poderanse incorporar nas condicións e termos que reglamentariamente se determinen outras entidades públicas galegas con competencias neste ámbito; sendo ademais esta tecnoloxía a recomendada pola UE para as comunicacións vinculadas á seguridade pública.

Certamente, as vantaxes que derivan da prestación pública do servizo e que se detallan na memoria, en canto reveladoras dunha maior idoneidade da calidade das comunicación para a prestación dos servizos de Policía e prevención e extinción de incendios, e de unha maior economía do servizo para o Concello de Vigo, determinan e reclaman a opción inmediata polo servizo público de radiocomunicacións como a máis satisfactoria para o interese público.

O contrato coa mercantil rematou o 31 de maio e en tanto no se transita hacia o sistema público vai transcorrer un período aproximado de un ano, no que o Concello vai seguir precisando o servizo de radiocomunicacións, imprescindible para a eficaz prestación dos servizos de seguridade e Extinción de Incendios.

Non en tanto a prestación durante este período de tránsito carece de mercado, é claramente un obxecto contractual residual. A forte inversión que require a infraestrutura de comunicacións fai absolutamente inviable para calquer empresa distinta da última adxudicataria- TAE LPO, por ser a titular da rede e das infraestructuras- o contrato por alo menos seis anos, sempre en termos de economía e eficiencia do gasto para o Concello. Ademais a adxudicación a outra empresa xeraría gastos adicionais de reprogramación dos actuais terminais ou compra doutros novos. Soamente a comercial TAE LPO, adxudicataria dos contratos de radiocomunicacións dende 2001, como titular da infraestrutura de comunicacións, está en disposición de ofrecer a prestación durante este tempo de tránsito ao servizo público, ao prezo da factura presentada, que foi o pagado durante o período da prórroga correspondente ao 2014. Calquera outra opción apartase notoria e intolerablemente dos principios de eficacia e eficiencia do gasto.

Segundo.- De conformidade co art. 20 da lei 47/2003, de 26 de novembro, Lei Xeral Orzamentaria, as obrigas da Facenda Pública nacen da Lei, dos negocios xurídicos e dos actos ou feitos que segundo dereito as xeneren. A estos derradeiros pertence a institución do enriquecemento sin causa, principio xeral do Dereito recoñecido pola doutrina e xurisprudencia e, como tal, fonte de obrigas.

Terceiro.- A factura responde aos requisitos establecidos na Base 19ª das de execución do orzamento vixente. E o servizo prestado aparece como recepcionado e conforme, autorizado por funcionario competente (Base 18ª).

En canto ao importe da factura, de 15.287,79 € (IVE engadido), responde a estimacions de mercado e as propias previsións do contrato extinguido ante a eventualidade da súa prórroga (apartado 9º das follas de características do contrato: variación experimentada polo IPC nacional no período que medie entre a data de revisión e a de apertura de proposicións económicas).

Na memoria manifestase a existencia de crédito adecuado e suficiente na partida 1320.208.0000 (aluguer da recepción trunking). Asimesmo, xustifícase a posibilidade de imputar o gasto ao crédito orzamentario corrente, sen riscos previstos ou previsibles derivados da xestión ordinaria do servizo.

O expediente incorporouse tamén unha declaración do representante legal da mercantil, relativa ao resarcemento da deuda e renuncia o exercicio de accións xudiciais ou administrativas en función da aprobación do acto de recoñecemento da indemnización substitutiva obxecto do expediente.

En todo o demais axustase a Instrución nº. 1/00 da Intervención Xeral sobre recoñecemento extrajudicial de créditos.

Cuarto.- O servizo de radiocomunicacións resulta absolutamente imprescindible para a efectiva prestación dos servizos de Policía Local e prevención e Extinción de Incendios; ambas materias constitúen competencias propias dos Municipios, exercitables nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, de conformidade co art. 25.2, f) e 26.1,c) en relación co art. 7.2 e concordantes da Lei 7/1985, na nova redacción dada pola Lei 27/2013, 27 de decembro, de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local .

Resultan de especial relevancia pois a Lei 2/1986, 13 de marzo, de Forzas e Corpos de Seguridade; a Lei 4/2007, de 20 de abril, de Coordinación de Policía Local; a Lei 5/2007, de 7 de maio, de emerxencias de Galicia.

Quinto.- A competencia para resolver o expediente corresponde á Xunta de Goberno local, de conformidade co previsto no art. 127 da Lei 7/1985, e o 60.2 do RD 500/1990, de 20 de abril.

En mérito de canto antecede, visto o informe da Intervención xeral, o funcionario que suscribe, co informe xurídico do Xefe da Área incorporado, ven en propoñer ao concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade que se eleve á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de, ACORDO

1. Aprobar a favor da mercantil TAELO, S. COOP., con C.I.F. F-36.049.543, unha indemnización substitutiva (convalidación) por importe de 15.287,79 € (IVE engadido) pola prestación efectiva do servizo de radiocomunicacións para os Corpos de Policía Local e Prevención e Extinción de Incendios correspondente ao período de marzo e abril de 2015, segundo factura Nº. TR80044/15, aos efectos de evitar un enriquecemento inxusto do concello de Vigo en función da efectiva e satisfactoria prestación do citado servizo e a falta de cobertura contractual do mesmo.

2. Recoñecer, en consecuencia, o dereito da citada mercantil a percibir a cantidade aprobada, con cargo á aplicación orzamentaria 1320.2080000 (aluguer da recepción trunking).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás trece horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Olga Alonso Suárez.